



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

C U R S O 2 0 1 9 - 2 0 2 0

C P I A S M I R A N D A S

DEPARTAMENTO: LINGUA INGLESA

DATA: 06/05/2010

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe.
2. Avaliación e cualificación.
3. Información e publicidade.



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación

1º ESO

O alumno deberá demostrar que é capaz de

- Escribir, falar e conversar de forma minimamente intelixible para o receptor sobre:
 - Información persoal básica: nome, idade, familia, lugar de procedencia.
- Expresar actividades cotiás no presente
- Describir o seu entorno escolar: a aula, as materias, etc.
- Deletrear palabras
- Demostrar unha comprensión minimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais emitidos polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e o vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Saúdos
- Abecedario
- Verbo BE: presente (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Verbo HAVE GOT
- Pronomes persoais, demostrativos e interrogativos
- Presente simple (afirmativa, negativa e interrogativa)

Vocabulario referente a:

- Obxectos da aula e materias
- Días da semana
- Meses do ano



- Membros da familia
 - Tempo libre
 - Rutina
- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:
- As capacidades
 - Describir o que está a suceder
 - Expresar intencións
- Demostrar unha comprensión minimamente aceptable sobre textos escritos e orais producidos polo profesor ou por medios mecánicos.

As **estruturas da gramática** e **vocabulario mínimos** que o alumno deberá coñecer para acadar tal fin son:

- Can
 - Presente continuo (afirmativa, negativa e interrogativa)
 - Vocabulario referente a:
 - Partes dunha vivenda e mobiliario
 - Roupa
 - Expresións temporais de presente e futuro
 - Tempo atmosférico
 - Comida
- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:
- Suxerencias e invitacións
 - Feitos pasados
 - Ubicación de obxectos, persoas, etc.
- Demostrar unha comprensión minimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios para tal fin son:



- Nomes contables e incontables
- a/an/some/any
- Be (pasado simple)
- Pasado simple de verbos regulares (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Preposicións de lugar

Vocabulario referente a:

- Lugares nunha cidade.
- Tipos de música.
- Verbos.
- Expresións de pasado: yesterday, last month, etc.

2º ESO

O alumno deberá demostrar que é capaz de

- Escribir, falar e conversar de forma minimamente intelixible para o receptor sobre:
 - Información persoal
 - Saúdos e presentacións
 - Rutinas diarias
 - Feitos pasados
 - Intercambio de información
 - Debate
 - Compara e describe
- Demostrar unha comprensión minimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais emitidos polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As **estruturas da gramática e o vocabulario mínimos** que o alumno deberá coñecer para tal fin son:



- Verbo BE, HAVE GOT, THERE IS /ARE: presente (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Presente simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Presente continuo (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Pasado simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- A comparación: adxectivo; as...as; too....; (not)....enough

Vocabulario referente a:

- Adxectivos, a casa, animais, lugares nunha cidade, deportes
- A escola
- Actividades
- Verbos
- Sucesos da vida
- Xeografía
- Adxectivos

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:
 - Facer preguntas
 - Comparar accións
 - Feitos pasados rematados ou en progreso
 - Feitos e plans futuros
 - Situacións reais e hipotéticas
- Demostrar unha comprensión minimamente aceptable sobre textos escritos e orais producidos polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para acadar tal fin son:

- Preguntas suxeito e obxecto
- Adverbios de modo
- Pasado continuo: afirmativa, negativa e interrogativa



- Futuro con will, going to, presente continuo
- 1º e 2º tipo de condicional

Vocabulario referente a:

- O tempo
- A familia
- Crimes e persoas
- Transporte
- Verbos

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:
 - Feitos pasados que teñen relación co presente
 - Comparación de experiencias
 - Nutrición
 - Debates sobre distintos tipos de vida
 - Consellos
 - Expresar opinións
- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As **estruturas da gramática e vocabulario mínimos** necesarios para tal fin son:

- Presente perfecto simple: afirmativa, negative e interrogativa
- For / since
- Verbos modais (can, can't, could, must, mustn't, should)
- Xerundios e infinitivos

Vocabulario referente a:

- Experiencias



- Adxectivos Tipos de música
- Nutrición e fitness
- Moda

3º ESO

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar dun xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre :

- Información persoal
 - Rutinas diarias
 - Feitos pasados
 - Concertar citas con amigos
 - Dar instrucións para chegar a un lugar concreto
- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As **estruturas da gramática e vocabulario mínimos** que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Be e have got : present simple (affirmative, negative e interrogative)
- Can
- Adxectivos posesivos
- Presente Continuo (afirmativa, negative e interrogativa)
- Presente Simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Was/were

Vocabulario referente a :

- Presentacións persoais
- Rutinas diarias
- Adxectivos para expresar sentimentos
- Expresións de tempo presente e pasado e tendas
- Expresións comúns para indicar direccións



O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:
 - A obriga.
 - A personalidade.
 - A cantidade.
 - A comparación.
 - Feitos pasados que teñen relación co presente.
 - Experiencias.
 - Facer plans cos amigos

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As **estruturas da gramática e vocabulario** necesarios para tal fin son:

- Have to
- Nomes contables e incontables
- Some e any, much, many, a lot of
- Adxectivos en grao comparativo e superlativo
- Presente Perfecto: afirmativa , negativa e interrogativa
- For e since
- How long...?

Vocabulario referente a:

- Traballo doméstico
- Adverbios de frecuencia
- Adxectivos de personalidade
- Deportes de risco

O alumno deberá demostrar que é capaz de :

- Escribir, falar e conversar de xeito intelixible para o receptor e con



corrección gramatical sobre:

- Predicións futuras
 - Procesos de elaboración
 - Expresar condicións
 - Dar consellos
- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As **estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios** para tal fin son:

- Will (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Present passive (afirmativa e negativa)
- A primeira condicional (If...)
- Should/shouldn't

Vocabulario referente a:

- Establecementos
- Tecnoloxía
- Comida

4º ESO

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar dun xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre :

- Intercambio de información persoal
- Linguaxe da aula
- Feitos, actividades e historias no pasado
- Logros e obxectivos
- Xente admirada



- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As **estruturas da gramática e vocabulario mínimos** que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Contraste present simple / presente continuo
- Pasado simple
- Used to
- Contraste pasado simple / pasado continuo
- Presente perfecto simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Contraste pasado simple / presente perfecto simple

Vocabulario referente a :

- Equipamento deportivo, verbos de acción, roupa e accesorios, artigos de viaxe, traballos, móbiles, comida e bebida
- Lugares nunha cidade
- Adxectivos (descrición física e personalidade)
- Verbos
- Experiencias

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:
 - Dar opinións
 - Describir un proceso
 - Falar sobre os desexos
 - Falar sobre problemas
 - Entrevistar
 - Contar noticias
- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor; compañeiros ou por medios mecánicos.



As **estruturas da gramática e vocabulario** necesarios para tal fin son:

- Voz pasiva: presente, pasado, futuro, modais
- Futuro: will, going to, presente continuo
- 1º e 2º tipo de oración condicional
- Estilo indirecto: presente simple, continuo, futuro, modais

Vocabulario referente a:

- Medio
- Materiais e envases
- Relacións persoais e verbos
- Crime e verbos relacionados

O alumno deberá demostrar que é capaz de :

- Escribir, falar e conversar de xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:
 - A posibilidade e a certeza
 - Identificación de persoas, lugares e cousas
 - As tradicións
 - Suxerencias
 - Preferencias
 - Comparacións
- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor, compañeiros ou por medios mecánicos.

As **estruturas da gramática e vocabulario mínimos** necesarios para tal fin son:

- Pronomes relativos: who, which, that, where, when
- Composto de some/any : persoas, cousas e lugares
- Modais: can, could, must, have to, may, might (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Comparación: adxectivos comparativos e superlativos, (not) as...as;



too; (not) Enough

Vocabulario referente a:

- Ciencia e tecnoloxías
- Cultura e tradicións
- Xeografía
- Adxectivos
- Obxectos cotiáns

Estándar de aprendizaxe

1º ESO:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas.

PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en situacións habituais.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais claramente estruturados.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital.

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as



noutros países).

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas.

PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando as estruturas morfosintácticas básicas

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.).

2º ESO:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas..

PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información..

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible.

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual

PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais claramente estruturados.

PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.



Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais.

PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal.

PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información..

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos.

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira..

PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos.

3º ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante.

PLEB1.2. Capta os puntos principais de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal.

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria.

PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista

PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese.

Bloque 2. Producción de textos orais

PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira cunha actitude positiva.

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con



apoio visual.

PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos

PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou instrucións.

PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet.

PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte.

PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia.

PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares

PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas de xeito sinxelo textos.

PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal

PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes breves nas redes sociais (whasap, chats, etc.).

PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social.

PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital.



Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira..

PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas.

PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas).

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala

PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.

PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar ideas.

PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos.

PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua.

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.)..

4º ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas.

PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas

PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas

PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración..

PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas

PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que



participa.

PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender.

PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible.

PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual.

PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe..

PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás.

PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento.

PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais claramente estruturados.

PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público

PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media..

PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs .

PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal

PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos

PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves



Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos ou menos habitual (por exemplo, un accidente).

PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais.

PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte.

PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias

PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal

PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.

PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais.

PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible.

PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión

PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe.

PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira.

PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel

PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.

PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.).

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<p>Procedementos e Instrumentos:</p> <p>Durante a primeira e a segunda avaliación utilizáronse probas concernentes as catro estratexias da lingua: “speaking” (exposicións orais); “listening” (audicións); “readings” (comprensión lectora) e “writings” (redaccións).</p> <p>Probas escritas de vocabulario e gramática, así como observación e traballo diario, participación en clase, esforzo e interese.</p> <p>Neste terceiro trimestre, cada unha das profesoras está utilizando as ferramentas e os instrumentos que dispón para facer chegar a todos os alumnos as distintas tarefas. Estas son tarefas semanais de repaso e reforzo que os alumnos terán que entregar ao final de cada semana.</p> <p>Os alumnos que tras obter na nota COVID (esta nota COVID obterase tras calcular o 40% da nota da primeira avaliación e o 60% da nota da segunda) teñan unha nota igual ou superior a 5, poderán subir a nota ata tres puntos coas actividades da terceira avaliación ata chegar á nota máxima. Eses tres puntos serán o resultado da media aritmética das actividades entregadas e calificadas.</p> <p>Por outra banda, os alumnos que coa nota COVID, non acaden o cinco, poderán obter ata tres puntos para chegar a ese 5 realizando as tarefas realizadas nesta terceira avaliación. Eses tres puntos serán o resultado da media aritmética de todas as notas entregadas e calificadas nesta terceira avaliación.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none">• A nota da primeira avaliación terá un valor de 40% sobre o total da nota.• A nota da segunda avaliación terá un valor de 60% sobre o total da nota.• De estas dúas notas adquiriremos a nota COVID.



	<ul style="list-style-type: none">• Doutra banda, as tarefas realizadas por cada un dos profesores do departamento neste terceiro trimestre terán un valor total de ata 3 puntos obtido da media aritmética das tarefas debidamente entregadas e calificadas, que se sumarán á nota COVID.
Proba extraordinaria de setembro	Na proba de setembro irán os alumnos que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño. Será unha proba baseada nos contidos e estándares de aprendizaxe mínimos que se trataron ao longo da primeira e segunda avaliación.
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación: Entrarán os contidos mínimos especificados no apartado 1 e que estivemos e estamos reforzando e traballando dende principio do curso e seguiremos ata finais de maio.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: O alumnado con materia pendente será avaliado tendo en conta a nota do exame feito a primeiros de marzo cos contidos vistos e traballados ata ese momento. Á nota obtida, poderán sumar ata tres puntos coas tarefas feitas durante o estado de alarma. Estes tres puntos serán o resultado da media aritmética das tarefas que ten a obriga de facer e que son revisadas semanalmente.



3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

PROFESORADO	Os procedementos que o profesorado empregará para informar: <ul style="list-style-type: none">- Ao alumnado: correo electrónico @cpiaries.com- Ás familias a través de abalar.
CENTRO	Publicación na páxina web do colexio e por Abalar